

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

### 1. INTRODUCCIÓN

O departamento de Francés Lingua Estranxeira do I.E.S Xunqueira 1 propónse abordar este proxecto competencial para o alumnado de 1º da ESO dende una perspectiva que engloba as recentes achegas das ciencias da linguaxe relacionadas co teatro.

O proxecto chamarase: "Iniciación ao Teatro".

A materia será impartida pola profesora M<sup>a</sup> Carlota Penelas Grela en 3 grupos de 1º da ESO.

O obxectivo fundamental é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a súa plena realización persoal e social, onde tod@s van partir do mesmo nivel sen diferenciación de ningún tipo, mellorando a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O teatro na escola é unha estratexia pedagóxica, lúdica, motivadora, transversal

e multidisciplinar que parte da inmersión dun aula completa nun proxecto dramático. Este proxecto pretende aglutinar o colectivo ao redor dunha empresa que pertence a todos é a cada un. Tod@s serán protagonistas e autores porque a materia será flexible a súas necesidades

O teatro é unha potente ferramenta de aprendizaxe que fomenta habilidades coma a expresión oral, corporal e emocional. Nestes tempos tan pouco dialogantes, nos que o alumnado deixou de ser un emisor de emocións para converterse nun mero receptor, consideramos moi axeitada unha actividade que potencie e respecte a expresividade do noso alumnado, tomando o recoñecemento das propias emocións e reaccións como base para o recoñecemento e respecto das emocións, reaccións e opinións alleas unha actividade que potencie e respecte a expresividade do noso alumnado pero que lles faga saber que, ademais da súa, existen outras opinións igualmente respectables. A actividade artística que conxuga estas dúas posturas ( escoitar e expor), que son o eixe da convivencia e da cidadanía, é o Teatro.

Ademais este proxecto de teatro permitirá a inclusión de todo o alumnado de 1º da ESO .

Confiamos en que este desenvolvemento contribúa ao benestar e á mellora das relacións e do comportamento en todas as materias, e tamén que favoreza a madurez, a seguridade e a autonomía do alumnado en xeral.

Pero este proxecto tamén ten en conta que se nutre non soamente do aspecto lingüístico para o seu desenvolvemento senon tamén de elementos plásticos e visuais, musicais e de códigos corporais e xestuais empregados na representación dramática.

Tendo en conta que no centro o

alumnado pode cursar Bacharelato de Arte, a profesora solicitará a colaboración dos departamentos de Debuxo, de Música e de Educación Física.

O departamento participará activamente coa Biblioteca. O eixo do vindeiro curso será " O Espazo".

Este tema chegarase na segunda avaliación.

De ter unha boa acollida polo alumnado matriculado, todo o traballo, proxecto

terá unha saída fora da aula : nos corredoiros (coas performance), no colexio de primaria ( co kamishibai), no blogue da Biblioteca, ..

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu, nós e o meu entorno	O respecto	25	12	X		
2	O espazo	A diversidade e a tolerancia	35	12		X	
3	O meu corpo	O xénero	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu, nós e o meu entorno	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuenciación do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever problemas e solucións no desenvolvemento do proxecto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos previos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados ao finalizar o proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos plásticos, audiovisuais ou dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O espazo	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuenciación para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias e posibles solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar a secuencia.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos previos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os materiais e recursos necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica con corrección e claridade.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

### Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	O meu corpo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais necesarios.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar a información.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias e propoñer solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar a secuencia.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos previos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materias .		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias .		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar a execución do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbar con claridade e corrección.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

O punto de partida para o obradoiro de INICIACIÓN O TEATRO é o propio alumnado, pois o alumnado é o verdadeiro protagonista da clase. A profesora é a encargada de potenciar as capacidades do alumnado, propoñer diversos materiais, xogos dramáticos ou temas, tendo moi claro que a materia vai a ser cursada sen coñecemento previo.

A profesora ten que motivar o seu traballo unha vez explicitadas as normas de traballo concretas en cada apartado dos contidos, dinamizando o grupo e negociando con el, para que cada un dos seus membros vexa reflexadas a súas opinións e aprenda a valorar as súas iniciativas e as dos demais.

Para desenvolver esta fluidez:

- 1) Unha clase de teatro ten que ser comprensible e actual.
- 2) O alumnado ten que recibir suficiente input auditivo comprensible, adaptado ao seu nivel e as súas necesidades emocionais.
- 3) O input auditivo ten que manter continuamente o interese do alumnado.
- 4) O vehículo para que o alumnado desenvolva a súa habilidade de expresarse oralmente con fluidez será o Teatro.

Nunha clase de teatro a proposta é crear a nosa propia obra partindo dun conflito orixinado no entorno escolar e buscando solucións que logo serán representadas coa mímica, co diálogo, etc. partindo dun conflito e chegando a unha solución pactada entre todos.

#### **3. OBXECTIVOS XERAIS:**

- Elevar a autoestima e a autoconfianza do alumnado.
- Crear na aula un marco de convivencia agradable.
- Fomentar hábitos de conduta que potencien a socialización, tolerancia e cooperación.
- Demostrar a posibilidade de comunicarse nunha lingua estranxeira partindo de cero e implicando as outras linguas nos diferentes proxectos. (TIL=tratamiento integral das linguas). Favorecendo o desenvolvemento global das habilidades comunicativas establecendo pontes con outras linguas e códigos.
- Demostrar que falar noutras linguas que non sexa a lingua materna non ten que supor un esforzo constante adicional.



### 3.1 Obxectivos específicos:

- Coñecer a súa propia voz e utilizar a palabra nunha lingua estranxeira como medio de expresión.
- Atopar no seu corpo ( mans, voz, xestos, mirada, movementos) recursos educativos e persoais e disfrutar deles.
- Poder transportarse coa imaxinación a outras situacións, desenvolvendo mediante a ficción unha maior comprensión das persoas e do mundo, empregando o francés coma ponte das outras linguas.
- Adquirir habilidades de carácter social, por exemplo, traballar en grupos, desenvolverse nas relacións interpersoais, organizar e planificar o traballo colectivo e individual.
- Intergrar de forma armónica outras linguaxes asociadas ao teatro, en especial os medios de expresión visuais, acústicos, musicais, plásticos e as novas tecnoloxías aplicadas ao montaxe dunha obra teatral.
- Xerar, desenvolver e estruturar ideas de forma coherente.
- Interpretar practicando técnicas de representación que supoñen o control do xesto e da voz, a relación dramática co obxecto e o estudio do uso do espazo.
- Participar en espectáculos teatrais disfrutando e valorando os diversos elementos que constitúen a representación sendo capaces de manifestar xuízo razoado sobre eles e relacionándoos con outras manifestacións artísticas.
- Valorar a importancia do traballo colectivo en producións e montaxes de espectáculos, onde a perseverancia no traballo a longo prazo ten como resultado o éxito de todo o grupo.
- Fomentar a comunicación oral e expresiva máis aló da creación artística: ler e interpretar o lido, falar con corrección, vocalizar e expresarse con fluidez nunha lingua estranxeira, o francés.
- Adquirir coñecemento dun mesmo, desenvolver a confianza propia e allea, a solidariedade, tolerancia e integración das diferencias con respecto ao outro mediante actividades lúdicas e dinámicas.
- Manter unha actitude positiva, de interese e curiosidade cara á lectura

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

O teatro é unha manifestación expresiva que utiliza o movemento corporal e as posibilidades xestuais. É unha arte onde nós mesmos somos o material do cal está feito. O alumnado utilizará roupa cómoda que permita todo tipo de movementos. A profesora dispoñerá dun banco de consignas para a realización das sesións. Non se empregará libro de texto. Ademais do material audiovisual, empregaremos material fotocopiado, un kamishibai, atrezzo para compoñer as performance. As clases terán lugar no salón de actos, na biblioteca e no patio do instituto.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No proceso de avaliación inicial atenderase máis aos posíbeis recursos e capacidades do alumnado que ás posíbeis deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que posúen o alumnado coa fin de proporcionarlles unha educación adaptada a elas e eles. O coñecemento destas das súas expectativas proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a motivación a aprender. A diversidade do alumnado constitúe un valor incuestionable no desenvolvemento das sesións do proxecto. É a partir desta diversidade como se constrúen as distintas dinámicas de interacción grupal e dramática. O coñecemento e o respecto desta diversidade é a clave para garantir o desenvolvemento da creatividade e o impulso dos procesos de manifestación e

aceptación da individualidade. O respecto a diferenza, a identificación coa persoa, a empatía cara ao personaxe, o cambio de roles, a comprensión das limitacións e das capacidades corporais, a construción da autoimaxe a partir da aceptación do propio corpo. Todos estes aspectos forman parte da esencia mesma do obradoiro de teatro e polo tanto non é posible concibir a materia fora da atención a diversidade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

**GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

Dado o carácter práctico da materia o alumnado terá que demostrar un grao mínimo na súa capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, para participar individualmente ou en grupo nas distintas tarefas, para respetar as ideas alleas, para deseñar un espectáculo.

A pretensión deste obradoiro é que o alumnado adquira as competencias claves e estándares a través do principio de aprender facendo.

**AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS.**

Os aspectos a ter en conta na avaliación do Proxecto de Teatro son variados, e inclúen aspectos de tipo didáctico, creativo e humano. Dita avaliación ten sentido como instrumento para comprobar o grao de adquisición e consolidación dos obxectivos previstos, xunto coa asimilación dos contidos impartidos.

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN**

1. Observación sistemática do traballo diario

1. Rexistro anecdótico: rúbricas de autoavaliación e grupal para na aula tanto individual como grupal. valorar carencias e actitudes positivas.

2. Análise de producións do alumnado.

2.1 Diario de aprendizaxe: o alumnado elaborará un diario de aprendizaxe onde anotará en diferentes sesións ao final da clase, na súa lingua vehicular, os contidos e as técnicas traballados.

2.2 Actividades diarias de carácter creativo: como improvisacións, participación en xogos colectivos, gravacións, mímica, lectura, composición de textos,...

2.3 Montaxe de escenas, obras de teatro,...: esforzo, dedicación e colaboración co resto do alumnado, aportacións persoais,...

### 3. Probas obxectivas.

#### PESO DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

70%: rexistro anecdótico, actividades diarias, montaxe de escenas, obras de teatro..  
 10% : desenvolve o gusto polo Teatro como instrumento de comunicación; capacidade de analizar e regular os seus propios sentimentos e relacións; resolución de conflitos.  
 20% diario e probas obxectivas.

A materia terá carácter de avaliación continua e progresiva.

#### 6.4 Garantías para unha proba obxectiva

Para garantir a obxectividade da avaliación, o alumnado integrarase de xeito constante no proceso avaliador sendo partícipe dos criterios cos que vai ser avaliado e podendo comprender e analizar o seu propio proceso de aprendizaxe así como o dos/das seus/súas compañeir@s.

A profesora empregará rúbricas de auto-avaliación e de avaliación de traballo en grupo.

#### **Criterios de recuperación:**

Aqueles alumnos/as que non obtivesen a calificación de aprobado no terceiro trimestre, terán a opción de recuperar a materia no mes de xuño cunha proba extraordinaria dos contidos traballados durante o curso. Esa proba constará de dúas partes: entrega do caderno/diario traballado durante o curso e unha proba oral, gravada para a súa puntuación.

A proba constará de dúas partes:

1. Entrega do diario: 40%
2. Proba oral: 60%

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non temos alumnado pendente.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade do alumnado constitúe un valor incuestionable no desenvolvemento das sesións do obradoiro. É a partir desta diversidade como se constrúen as distintas dinámicas de interacción grupal e dramática. O coñecemento e o respecto desta diversidade é a clave para garantir o desenvolvemento da creatividade e o impulso dos procesos de manifestación e aceptación da individualidade. O respecto a diferenza, a identificación coa persoaxe, a empatía cara ao personaxe, o cambio de roles, a comprensión das limitacións e das capacidades corporais, a construción da autoimaxe a partir da aceptación do propio corpo. Todos estes aspectos forman parte da esencia mesma do obradoiro de teatro e polo tanto non é posible concibir a materia fora da atención a diversidade

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - todos	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Posible saída o teatro	saída o teatro			

### Observacións:

Ao longo do curso, o departamento irá decidindo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Reflexión directa sobre la práctica docente

### Descrición:

Para avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nunha materia de características tan especiais como o Proxecto de Iniciación o Teatro, a docente pode e debe permanecer nunha constante actitude de análise do proceso.

A interacción aberta co alumnado, consultado de maneira escrita ou oral sobre a valoración de determinadas actividades, así como os resultados obxectivos observados permiten ir regulando e adecuando a programación ao grupo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dado que a materia é nova a avaliación e propostas de mellora irán facéndose ao longo do curso.

## 9. Outros apartados